

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 5270** *Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías para dar cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 11 de decembro de 2014, ditada no Asunto C-576/13 (procedemento de infracción 2009/4052).*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 11 de decembro de 2014, ditada no asunto C-576/13 (procedemento de infracción 2009/4052), condena o Reino de España por considerar que o réxime legal en que se desenvolve o servizo portuario de manipulación de mercadorías contravén o artigo 49 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao lles impor ás empresas *que desexen desenvolver a actividade as seguintes obrigas:*

- participar no capital dunha sociedade anónima de xestión de estibadores portuarios (SAXEP) e,
- contratar con carácter prioritario traballadores postos á disposición pola dita sociedade anónima, e un mínimo de tales traballadores sobre unha base permanente, por outra banda.

A dita sentenza non predetermina a fórmula legalmente aplicable, pero considera como admisibles as seguintes posibilidades:

- que sexan as propias empresas estibadoras as que, podendo contratar libremente traballadores permanentes ou temporais, xestionen as oficinas de emprego que deben subministrarlles a súa man de obra e organicen a formación deses traballadores, ou
- a posibilidade de crear unha reserva de traballadores xestionada por empresas privadas que funcionen como axencias de emprego temporal e que poñan traballadores á disposición das empresas estibadoras.

Este real decreto lei ten por obxecto dar cumprimento á resolución do Tribunal de Xustiza da Unión Europea modificando o dereito interno en termos que resulten compatibles coa liberdade de establecemento consagrada no artigo 49 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, aínda que, dado que o propio tribunal recoñece como lexítimos obxectivos que poden inspirar a regulación na materia da protección dos traballadores e a garantía da seguridade nas augas portuarias, se mantén a necesidade de que os estibadores dispoñan dunha capacitación profesional adecuada para o desempeño das súas tarefas.

II

A modificación legislativa supón suprimir, na súa maior parte, o actual réxime de xestión dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías que se recolle no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante. Deste modo, derróganse expresamente unha serie de artigos do citado texto refundido e modifícanse algúns outros cuxa proxección normativa debe permanecer, pero adaptada á nova situación.

Ora ben, aínda que se consagra o principio de liberdade de contratación no ámbito do servizo portuario de manipulación de mercadorías, é preciso o establecemento dun proceso transitorio de tres anos que permita un tránsito ordenado, facilitando que os traballadores das SAXEP conserven os seus dereitos laborais preexistentes no novo escenario de liberdade competitiva. Para tal fin, asegúrase o pleno apoio financeiro da Administración portuaria ás operacións precisas para a nova configuración do sector.

Durante o período transitorio, poderán subsistir as SAXEP e, co fin de que poidan financiarse na medida necesaria en cada caso e momento, establécese, así mesmo, a obriga para as empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías de requirir o concurso dos traballadores procedentes daquelas nunha porcentaxe decrecente co transcurso do tempo, que comeza cun setenta e cinco por cento, para as actividades que ata o momento se viñan realizando co dito persoal.

Concluído o período transitorio, as SAXEP poderán continuar desenvolvendo a súa actividade, en réxime de libre competencia, sempre que cumpran os requisitos establecidos con carácter xeral para as empresas de traballo temporal.

III

Este real decreto lei estrutúrase en catro artigos, dúas disposicións adicionais, tres transitorias, unha derogatoria e cinco derradeiras.

No articulado explíctase a *ratio legis* que anima o cambio normativo, dirixida ao cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, ditada no asunto C-576/13, e séntase o principio de liberdade de contratación no ámbito do servizo portuario de manipulación de mercadorías, de modo que os operadores non están obrigados a participar en ningunha empresa de posta á disposición de traballadores portuarios e poden contratalos con plena liberdade, sempre que se cumpran os requisitos orientados a asegurar a súa capacitación profesional.

Na liña expresamente suxerida polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, considérase a creación dos centros portuarios de emprego (CPE), cuxo obxecto será precisamente o emprego regular dos traballadores portuarios no servizo portuario de manipulación de mercadorías, así como a súa formación e cesión temporal a empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais portuarios; operarán, pois, como empresas de traballo temporal específicas para o sector e precisarán a autorización da Administración laboral exixida para as empresas de traballo temporal pola lexislación vixente. As empresas estibadoras non terán a obriga de participar nos centros que se creen nin tampouco a de contratar os traballadores postos á disposición por eles de forma prioritaria.

IV

A disposición adicional primeira parte do principio clásico do sistema de fontes do dereito laboral de prevalencia da lei sobre o convenio colectivo, ben que, co fin de evitar que se prolonguen situacións de conflito normativo entre ambas as dúas ordes, sempre xeradoras de inseguridade xurídica e dificultades interpretativas, establece un prazo máximo dun ano para proceder, na medida en que sexa necesario, á adaptación dos convenios colectivos ás novas previsións legais. No caso de que non se producise a dita adaptación no prazo expresado, producirase *ope legis* a nulidade daquelas disposicións que restrinxan a liberdade de contratación no ámbito do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou dos servizos comerciais, ou limiten a competencia.

Como queira que a modificación da normativa convencional aplicable pode supor unha alteración substancial das condicións individuais de traballo, recoñéceselles aos traballadores o dereito a rescindir o seu contrato sempre que se lles cause un prexuízo substancial, con dereito á percepción dunha indemnización de contía equivalente á prevista para a extinción do contrato por modificación substancial das condicións de traballo.

V

As previsións de dereito transitorio cobran unha relevancia especial neste real decreto lei en canto constitúen a pedra angular para o desenvolvemento dun tránsito ordenado ao novo marco regulatorio, que se proxecta para un sector estratéxico para a economía nacional e o comercio exterior e que dá emprego a miles de traballadores, cuxos intereses deben ser valorados debidamente.

A disposición transitoria primeira define a duración do período transitorio, que se prolongará tres anos, contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei, durante o cal as SAXEP actualmente existentes se poderán manter, e os traballadores que teñan con elas un contrato de traballo vixente conservarán o seu réxime xurídico. No prazo máximo dos primeiros seis meses do dito período, os accionistas das SAXEP deberán decidir individualmente se desexan continuar ou separarse destas, caso en que as súas accións serán adquiridas polos accionistas que permanezan ou, na falta deles, serán amortizadas coa conseguinte redución de capital.

Se ningún accionista quixer permanecer na SAXEP, esta disolverase de acordo coas regras xerais establecidas na Lei de sociedades de capital.

A Administración portuaria asumirá obrigatoriamente os pasivos laborais xerados con anterioridade ao 11 de decembro de 2014, data da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, tendo en conta que a súa xeración deriva dun sistema legal obrigatorio, e co propósito de igualar a situación competitiva dos operadores privados xa establecidos cos que se incorporen *ex novo* á prestación deste servizo. Para tal efecto, a extinción en calquera momento posterior á entrada en vigor deste real decreto lei dos contratos laborais de traballadores portuarios -agás os que alcancen a idade de xubilación durante os tres anos subseguintes á extinción- vixentes nesa data coas SAXEP, ou dos subscritos en réxime laboral común polas empresas titulares de licenzas de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías con traballadores procedentes das SAXEP por imperativo legal con anterioridade á dita data, por calquera das causas previstas nos artigos 51 e 52 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, dará dereito a unha indemnización de contía equivalente á prevista para a extinción do contrato por causas obxectivas, que será asumida como obriga *ex lege* pola autoridade portuaria competente no ámbito xeográfico da SAXEP de que se trate.

A disposición transitoria segunda atende á evidencia de que as SAXEP que subsistan necesitarán manter certo grao de actividade para financiarse durante o período transitorio. Para tal efecto, as empresas titulares de licenzas de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, agás as que gocen do réxime de autoprestación, deberán cubrir unha parte da súa actividade durante o período transitorio con traballadores portuarios procedentes da SAXEP, aínda que tales porcentaxes poden ser cubertas ben solicitando directamente traballadores á SAXEP, ben interesando a posta á disposición por centros portuarios de emprego ou outras empresas de traballo temporal das cales non formen parte traballadores provenientes da SAXEP, ben incorporándoos aos seus propios cadros de persoal ou a centros portuarios de emprego ou outras empresas de traballo temporal das cales formen parte. As porcentaxes de actividade que se deberán cubrir serán do 75 por cento o primeiro ano, do 50 por cento o segundo e do 25 por cento o terceiro.

A disposición transitoria terceira recolle a peculiar situación da Sociedad Estatal de Estiba y Desestiba del Puerto de Cartagena.

VI

A disposición derogatoria ofrece unha singular importancia neste real decreto lei, xa que pon fin expresamente á vixencia daqueles numerosos artigos do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante que se consideran contraditorios coas declaracións contidas na Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, que impón a aplicación do principio de liberdade de establecemento

consagrado polo artigo 49 do Tratado de funcionamento da Unión Europea no relativo ao servizo portuario de manipulación de mercadorías. E tamén do artigo 2.1.h) do Estatuto dos traballadores, que declara relación laboral especial a que manteñen os estibadores portuarios coas SAXEP, previsión que perde o seu sentido coa modificación do marco legal.

Por último, a disposición derradeira primeira modifica algúns preceptos do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, co único alcance de cohesión as súas previsións, de menor alcance, co novo marco legal; as seguintes explicitan o fundamento constitucional da competencia estatal exclusiva para ditar este real decreto lei, que é de plena aplicación en todo o territorio nacional, atribúenlles ao Consello de Ministros e aos ministros de Fomento e Emprego a competencia para o desenvolvemento regulamentario nos seus respectivos ámbitos, explicitan o posterior desenvolvemento regulamentario, consagran a incorporación do dereito comunitario ao dereito nacional e dispoñen a súa entrada en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

VII

O tempo transcorrido desde a data en que se ditou a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e a interposición por parte da Comisión Europea dunha demanda contra o Reino de España pola falta de adopción das medidas necesarias para dar cumprimento a esta xustifica a adopción das medidas que incorpora este real decreto lei. Concorre, deste modo, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española para utilizar a dita figura normativa.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Fomento e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de maio de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto do presente real decreto lei é establecer o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías que dea cumprimento ao disposto na Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, ditada no asunto C-576/13.

Artigo 2. *Liberdade de contratación de traballadores portuarios para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.*

1. A contratación de traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías é libre, logo do cumprimento dos requisitos establecidos que garantan a profesionalidade dos traballadores portuarios.

2. Para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías non é necesario que os titulares da correspondente licenza participen en ningunha empresa cuxo obxecto social sexa a posta á disposición de traballadores portuarios.

Artigo 3. *Requisitos de capacitación dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.*

1. As actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías deberán realizalas traballadores que obtivesen o certificado de profesionalidade establecido no anexo VIII (Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo) do Real decreto 988/2013, do 13 de decembro, polo que se establecen nove certificados de profesionalidade da familia profesional marítimo-pesqueira.

O certificado indicado anteriormente requirirá, en todo caso, a realización dunhas prácticas profesionais non laborais en instalacións portuarias nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. Non serán exixibles os requisitos do certificado de profesionalidade a que se refire o número anterior aos traballadores que se encontren nos seguintes supostos no momento da entrada en vigor deste real decreto lei:

a) Os que acrediten ter realizado con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei máis de 100 xornadas de traballo no servizo portuario de manipulación de mercadorías en calquera Estado membro da Unión Europea, así como en tarefas de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías que tivesen estado excluídas do servizo ao abeiro do artigo 2.g) do Real decreto lei 2/1986, do 23 de maio. A dita acreditación deberá ser homologada por Portos do Estado.

b) O persoal do buque que realice a bordo as ditas actividades nas situacións e condicións permitidas no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Artigo 4. *Centros portuarios de emprego.*

1. Co obxecto de permitir unha rápida adaptación ao carácter irregular da prestación dos traballos portuarios, e sen prexuízo das empresas de traballo temporal ou outras que estean constituídas ou que se poidan constituír para estes efectos conforme a lexislación vixente, poderán crear centros portuarios de emprego persoas naturais ou xurídicas ou unións e entidades sen personalidade xurídica cuxo obxecto sexa o emprego dos traballadores portuarios no servizo portuario de manipulación de mercadorías, así como a súa cesión temporal a empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais portuarios. O seu ámbito xeográfico de actuación poderá estenderse a todo o territorio nacional e poderá coexistir máis dun centro portuario por porto.

2. A creación de centros portuarios de emprego requirirá a obtención da autorización exixida no artigo 2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, que regula as empresas de traballo temporal, que lles será de plena aplicación, así como a restante normativa aplicable á dita clase de empresas.

Disposición adicional primeira. *Normativa convencional.*

1. No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto lei, as normas convencionais vixentes deberanse adaptar ao disposto nel e no artigo 49 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Transcorrido o dito prazo, as disposicións dos convenios colectivos que incumplan o previsto no parágrafo precedente, restrinxan a liberdade de contratación no ámbito do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou dos servizos comerciais, ou limiten a competencia, serán nulas de pleno dereito.

2. No prazo de tres meses, contado desde a entrada en vigor das normas convencionais de adaptación a este real decreto lei, sempre que se produza no prazo sinalado no número precedente, os traballadores terán dereito a rescindir o seu contrato de traballo cando a modificación do convenio colectivo lles cause un prexuízo substancial, cunha indemnización na contía prevista no artigo 41 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, con aplicación do réxime de pagamentos previsto no número 4 da disposición transitoria primeira deste real decreto lei.

Disposición adicional segunda. *Convenio colectivo para empresas vinculadas por razón da súa adscrición a un porto.*

Os convenios colectivos que negocie, de conformidade co disposto no artigo 87.1 do Estatuto dos traballadores, unha pluralidade de empresas que estean vinculadas en razón

da súa adscrición a un mesmo porto e nominativamente identificadas terán igual prioridade aplicativa que os convenios a que se refire o artigo 84.2 do Estatuto dos traballadores.

A lexitimación para negociar en representación dos traballadores será a que se establece no artigo 87.2 do Estatuto dos traballadores. A lexitimación para negociar en representación das empresas vinculadas en razón da súa adscrición a un porto corresponderalles a estas e ás asociacións empresariais que as representen.

Disposición transitoria primeira. *Sociedades anónimas de xestión de estibadores portuarios.*

1. Establécese un período transitorio de adaptación de tres anos, contado desde a entrada en vigor deste real decreto lei, durante o cal as actuais SAXEP subsistirán, salvo que se extingan con anterioridade, mantendo o seu obxecto social de posta á disposición de traballadores portuarios aos titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorizacións para a prestación de servizos comerciais, independentemente de que sexan ou non accionistas da sociedade.

Ata a súa finalización, regularanse polo previsto neste real decreto lei e, supletoriamente, polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Finalizado o período transitorio, as SAXEP que permanezan poderanse extinguir ou continuar a súa actividade, para o que deberán obter a autorización exixida no artigo 2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, que regula as empresas de traballo temporal, que lles será de plena aplicación, así como a restante normativa da dita clase de empresas.

Ata a súa regulación como empresas de traballo temporal ou ata a súa extinción, os accionistas da SAXEP responderán da totalidade dos pasivos e obrigas da sociedade, persoal e mancomunadamente entre si, en proporción á súa participación no capital social.

Aquelas SAXEP que subsistan despois do período transitorio farano en réxime de libre concorrência, se é o caso, cos centros portuarios de emprego e as demais empresas de traballo temporal.

2. Os traballadores que teñan un contrato vixente coas SAXEP no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, no caso de que o seu contrato se extinga por calquera causa durante o período transitorio, non poderán volver ser contratados polas SAXEP ata a súa regulación como empresas de traballo temporal.

3. No prazo máximo dos primeiros seis meses do período transitorio, os accionistas da SAXEP deberán decidir, de xeito individual, se desexan continuar na SAXEP ou separarse dela. Os accionistas que desexen separarse poderán facelo antes da finalización do dito período vendendo as súas accións aos que desexen continuar, a *pro rata* da participación de cada un deles, e os accionistas que decidan continuar deberán adquirilas polo seu valor neto contable. Se a venda non se puider efectuar en todo ou en parte no prazo máximo de seis meses desde a comunicación de separación, as correspondentes accións serán amortizadas con cargo á SAXEP, coa conseguinte redución do capital.

Unha vez finalizado este proceso, os accionistas que permanezan na SAXEP poderán acordar unha nova distribución do capital social e admitir novos accionistas que voluntariamente decidan adherirse coa participación libremente acordada.

Se non houber ningún accionista que desexe continuar coa SAXEP, esta disolverase de acordo coas regras xerais establecidas na Lei de sociedades de capital.

4. Co obxecto de igualar a posición competitiva entre os actuais titulares de licenzas de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías con aqueles novos que accedan á prestación, no caso de que en calquera momento posterior á entrada en vigor do presente real decreto lei se produza a extinción de contratos laborais dos traballadores das SAXEP vixentes antes do 11 de decembro de 2014, ou dos subscritos en réxime laboral común polas empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías con traballadores procedentes das SAXEP por imperativo legal con anterioridade á dita data, por calquera das causas recollidas nos artigos 51 e 52 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, nos termos previstos neles, a autoridade portuaria correspondente ao ámbito xeográfico da SAXEP onde os ditos

traballadores estiveron contratados asumirá obrigatoriamente o 100 por cento das indemnizacións procedentes por esta causa na contía prevista no artigo 53 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, xeradas desde a subscrición dos contratos ata a súa extinción ou ata a finalización do período transitorio, se for anterior.

Esta medida non será de aplicación se o traballador non mantivese sen solución de continuidade o seu traballo como estibador portuario, nin para os traballadores que alcancen a idade de xubilación, de acordo co réxime especial dos traballadores do mar, durante os tres anos seguintes á extinción contractual.

Os ditos importes serán necesariamente satisfeitos pola autoridade portuaria correspondente logo da súa solicitude, á cal se deberá xuntar a documentación xustificativa e acreditativa. Serán desembolsados pola autoridade portuaria para cada un dos ditos traballadores ao empregador destes no momento da extinción contractual, distribuídos nun período de tres anos a partir da solicitude, unha vez examinada a documentación presentada e determinada a súa adecuación ao previsto neste real decreto lei. No caso de empregadores que sexan suxeitos pasivos das taxas portuarias, a autoridade portuaria acordará que as indemnizacións asumidas por esta minoren os importes das cotas dos ditos tributos.

O custo asumido non terá efectos para o cálculo de rendibilidade para o establecemento dos coeficientes correctores das taxas portuarias segundo o disposto no artigo 166 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Disposición transitoria segunda. *Utilización do persoal da SAXEP durante o período transitorio de adaptación.*

1. Durante o período transitorio de adaptación previsto na disposición transitoria primeira, todas as empresas titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías, agás aquelas ás cales se lles autorízase o réxime de autoprestación, deberán cubrir, en cómputo interanual, con traballadores da SAXEP do porto correspondente existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, durante o primeiro ano, como mínimo o 75 por cento das actividades da empresa integradas no servizo portuario de manipulación de mercadorías e as actividades comerciais que non teñan a consideración de servizo portuario de manipulación de mercadorías de acordo co previsto no inciso final do artigo 130.3.c) do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, neste último caso sempre e cando a súa oferta sexa igual ou máis vantaxosa en termos de calidade e custo no sector da estiba.

A dita porcentaxe será do 50 por cento durante o segundo ano do referido período transitorio e do 25 por cento durante o terceiro ano. A asignación de traballadores e o seu custo faranse en igualdade de condicións para todas as empresas, sexan ou non accionistas da SAXEP.

2. Estas porcentaxes poderanse alcanzar por calquera das seguintes modalidades ou a suma de ambas as dúas:

a) Mediante utilización do dito persoal posto á disposición pola SAXEP ou, proveniente da SAXEP, por un centro portuario de emprego ou empresa de traballo temporal de que non sexa partícipe a empresa obrigada.

b) Mediante contratación de traballadores provenientes das SAXEP.

Neste último caso, computaranse os contratos de traballo subscritos con traballadores das SAXEP realizados polas empresas titulares de licenzas de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, ou por centros portuarios de emprego ou empresas de traballo temporal de que formen parte; nestes dous últimos casos en proporción á súa participación.

Para os efectos da letra b), computaranse como válidas as ofertas nominativas ou innominadas realizadas que, sendo adecuadas, fosen rexeitadas polos traballadores que se manteñan na SAXEP e para os efectos da letra a) aquelas que non se cubren por insuficiencia dos ditos traballadores postos á disposición pola SAXEP.

3. Durante o período transitorio de adaptación considerárase infracción grave, para os efectos sancionadores do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, o incumprimento do previsto nesta disposición transitoria.

Disposición transitoria terceira. *Sociedad Estatal de Estiba y Desestiba del Puerto de Cartagena.*

No prazo máximo de seis meses desde a finalización do período transitorio, a Sociedad Estatal de Estiba y Desestiba del Puerto de Cartagena poderase extinguir ou continuar a súa actividade, caso en que deberá obter a autorización exixida no artigo 2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, que regula as empresas de traballo temporal, que lle será de plena aplicación, así como a restante normativa aplicable á dita clase de empresas.

O disposto na disposición transitoria primeira respecto das SAXEP e na disposición transitoria segunda a propósito do mantemento durante o período transitorio da obriga de seguir contratando traballadores procedentes das SAXEP será, así mesmo, de aplicación á Sociedad Estatal de Estiba y Desestiba del Puerto de Cartagena, con excepción do que se dispón no parágrafo seguinte.

A autoridade portuaria deixará de formar parte do capital da sociedade no prazo máximo de seis meses contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei, mediante o alleamento das súas accións ou, no seu defecto, por redución do capital social, e terá dereito ao reembolso do seu valor neto contable.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) Os artigos 82.2.d), 98.1.l), 117.1.n), 130.3.c), inciso final, 130.5, 142, 143, 144, 145, 146, 147, 148, 149, 150, 151, 152, 153, 154, 155, 245.6, disposición adicional oitava, disposición adicional novena, disposición adicional décimo novena, disposición adicional trixésimo primeira, o punto 2.b) da disposición transitoria segunda e a disposición transitoria quinta do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.

b) O artigo 2.1.h) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

c) Quedan, así mesmo, derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.*

Un. Modifícase o parágrafo n) do número 4 do artigo 113, que terá a seguinte redacción:

«Causas de extinción da licenza, entre as cales deberán figurar, ademais das previstas no artigo 119 desta lei, as relativas ao incumprimento das obrigas de servizo público, dos requirimentos de seguridade para a prestación do servizo e das obrigas de protección do ambiente que procedan.»

Dous. O parágrafo i) do número 3 do artigo 130 quedará como segue:

«As operacións que se realicen en instalacións portuarias en réxime de concesión ou autorización, cando as ditas instalacións estean directamente relacionadas con plantas de transformación, instalacións de procesamento industrial ou envasamento de mercadorías propias que se movan polos ditos terminais marítimos de acordo co seu obxecto concesional, salvo que as realice unha empresa titular de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

As actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías que sexan realizadas nas instalacións outorgadas en concesión ou autorización citadas no parágrafo anterior deberán ser efectuadas con traballadores que cumpran as condicións establecidas no artigo 3 do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, para dar cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, ditada no asunto C-576/13 (procedemento de infracción 2009/4052).»

Tres. O número 1 do artigo 133 terá a seguinte redacción:

«Para os efectos desta lei, considérase autoprestación cando o concesionario ou o titular dunha terminal de pasaxeiros ou de mercadorías dedicada ao uso particular se presta a si mesmo os servizos á pasaxe ou de manipulación de mercadorías, respectivamente.

Tamén se considerará autoprestación cando unha compañía navieira se presta a si mesma un ou varios servizos portuarios con persoal propio embarcado para os servizos a bordo e material propio, sen que se subscriba ningún tipo de contrato con terceiros para os efectos de tal prestación. No caso de servizos de transporte marítimo de curta distancia regulares e das autoestradas do mar realizados con buques ro-ro puros, ro-pax, con-ro e transbordadores poderanse prestar a si mesmos os servizos á pasaxe e de manipulación de mercadorías utilizando tamén persoal propio en terra. En ningún caso se poderá autorizar para aqueles buques que enarboren o pavillón dun Estado incluído na lista negra que se publica no informe anual do Memorando de París ou, independentemente do seu pavillón, que estean considerados como de alto ou moi alto risco polo novo réxime de inspección.»

Catro. O parágrafo c) do número 1 do artigo 307 quedará como segue:

«O incumprimento da normativa establecida para as operacións de estiba ou desestiba.»

Disposición derradeira segunda. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas que lle corresponden ao Estado en materia de lexislación laboral, facenda do Estado, portos de interese xeral e mariña mercante, de conformidade co disposto nos artigos 149.1.7.^a, 149.1.14.^a e 149.1.20.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias que requira o desenvolvemento e aplicación deste real decreto lei, sen prexuízo do exercicio por parte do ministro de Fomento e da ministra de Emprego e Seguridade Social das súas respectivas potestades regulamentarias, nos termos legalmente establecidos.

2. O Goberno aprobará un real decreto que recolla a proposta de mediación de data 30 de marzo de 2017, pola que se pon fin á mediación tripartita entre as organizacións sindicais, a asociación empresarial e o Goberno.

A dita proposta, que ten por obxecto o mantemento do emprego dos actuais traballadores das SAXEP e a mellora da organización e produtividade no sector da estiba, mediante acordo das organizacións sindicais e asociacións empresariais, e o establecemento dun sistema de axudas para os traballadores de maior idade, que se desenvolverá regulamentariamente, xúntase como anexo I.

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación do dereito europeo.*

O real decreto lei dá cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, ditada no asunto C-576/13.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».
2. Non obstante, o número 4 da disposición transitoria primeira non entrará en vigor ata a expresa declaración por parte da Comisión Europea da súa compatibilidade co réxime de axudas de Estado.

Dado en Madrid o 12 de maio de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Proposta de mediación sobre efectos laborais da nova ordenación laboral do servizo portuario de manipulación de mercadorías

D. Marcos Peña, na súa condición de mediador,

MANIFESTA

– Desde que foi proposto como tal, o 21 de febreiro de 2017, producíronse as seguintes reunións formais:

1. 21 de febreiro de 2017: inicio da mediación.
2. 22 de febreiro de 2017: tres reunións: coa representación dos traballadores, coa representación das empresas e conxunta. Delimitación de temas.
3. 28 de febreiro de 2017: oriéntase a negociación para conseguir:
 - a) a continuidade no emprego
 - b) a competitividade das empresas.
4. 8 de marzo de 2017: avánzanse as propostas da Anesco e a representación sindical.
5. 15 de marzo de 2017: incorpórase o Goberno á Mesa, e o ministro de Fomento presenta o documento «Acordo tripartito para o mantemento do emprego e a mellora da produtividade no sector da estiba».
6. 21 de marzo de 2017: concrépanse as propostas da representación sindical.
7. 23 de marzo de 2017: concrépanse as propostas da Anesco.
8. 29 de marzo de 2017: os integrantes da C.N. Anesco e Coordinadora UGT e CC OO presentan un «Principio de acordo no sector da estiba». A representación do Goberno rexeita a modificación á alza da «concesión de axudas ao sector» e a subrogación.

O mediador anuncia que está en condicións de ofrecerlles ás partes a súa proposta de mediación.

– Despois de 40 días de negociación e aínda constatando a boa disposición das partes ao entendemento e o esforzo por todos realizado para alcanzar un acordo, considero, como mediador, que «globalmente» este non é posible. Considero, polo tanto, que debo concluír a miña función como tal ofrecendo ás distintas partes unha proposta formal de mediación, cuxa aceptación, como é natural, dependerá única e exclusivamente da súa vontade.

– É conveniente destacar que «mediación» e «negociación» son cousas distintas. Aquí estamos a falar dunha «mediación» que abra unha «negociación» que permita adaptar un sector a unha nova situación xurídica.

Entendemos que esta concreción xurídica, cando se produza, facilitará o entendemento. Sen dúbida, producíronse avances, sempre significativos, tanto por parte do Goberno como das representacións dos traballadores e das empresas, pero chegou o momento de dar forma a uns acordos mínimos e indispensables que permitan alicerzar o resto da negociación, que corre, no caso contrario, risco de atasco innecesario.

Por iso esta proposta debe obrigatoriamente incluír, e dar resposta, aos asuntos que foron esenciais durante todo o proceso: mantemento do emprego, mellora da produtividade e axudas para os posibles axustes, compromisos estes, en verdade, repetidamente aceptados por todos e que permiten, arredor deles, construír un mínimo común denominador.

– Antes de concretar as medidas propostas, resulta imprescindible expor algunhas consideracións esenciais para a súa comprensión e que contribúan, no posible, a clarificar as dificultades dos temas obxecto de debate. Esta pretensión resultaría inalcanzable de

non contar co apoio dos colaboradores da mediación: Nuria García Piñeiro, Javier Gómez Hortigüela e Francisco González de Lena.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

– A mediación prodúcese no ámbito dunhas negociacións derivadas da elaboración dunha nova regulación do réxime laboral da prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, para dar cumprimento á STXUE do 11 de decembro de 2014. Esta descrición pon de relevo as peculiaridades dun proceso de negociación en que aos representantes sindicais e empresariais, habituais protagonistas das relacións laborais e da negociación colectiva, se une o Goberno, a quen corresponde a ordenación normativa dunha actividade empresarial e tamén a regulación do sistema de relacións laborais. Pola súa vez, o Goberno actúa como axente da posta en práctica de criterios definidos vinculantemente no ámbito europeo. É esta unha orientación que se verá reflectida máis adiante, cando se fale da articulación entre normas estatais e normas convencionais.

– Ao estar centrada esta actividade mediadora nos efectos laborais dun novo réxime de ordenación da actividade empresarial, a mediación toma como referencia do marco regulador xeral criterios e fórmulas como os contidos no Real decreto Lei 4/2017, particularmente os referidos ás actuais SAXEP e aos futuros CPE, dado que a propia sentenza abre a posibilidade de fórmulas de agrupación empresarial como estas.

– O mediador considera que a regulación destes efectos laborais dunha nova ordenación da actividade empresarial constituiría unha típica regulación de dereito transitorio na medida en que no momento de entrada en vigor da nova normativa van existir situacións xurídicas creadas ao abeiro da anterior normativa, as cales, en prol da seguridade xurídica, convén dotar dunha regulación específica de carácter transitorio. A este respecto toma en especial consideración a circunstancia da existencia de relacións laborais, individuais e colectivas, creadas e desenvolvidas ao abeiro da anterior normativa, respecto das cales a incidencia da nova regulación se debería producir de forma compatible con principios, como a tutela do emprego ou o desenvolvemento da autonomía colectiva, que tamén forman parte do acervo comunitario.

Como tal regulación transitoria, esta poderá ter elementos de especialidade con respecto ao réxime xurídico común aplicable a partir da nova normativa, que deberán ser proporcionados en canto á súa especificidade respecto da regulación xeral, con respecto aos obxectivos propios desta regulación.

– O novo marco regulador, derivado da sentenza, responde a criterios de ordenación da actividade empresarial contidos no ordenamento da UE, un ordenamento que tamén contén regulacións de cuestións laborais como as relativas ao mantemento dos dereitos dos traballadores en caso de traspaso de empresas ou despedimentos colectivos, ou doutras cuestións, como os contratos públicos, que tamén conteñen previsións en materia social.

Non é tarefa do mediador a interpretación deste acervo comunitario nin das súas normas de transposición nacionais, pero sen dúbida este ámbito regulatorio europeo en materia social debe influír na regulación dos efectos laborais dunha nova ordenación da actividade empresarial derivada de normas da UE.

Nese sentido, a mediación toma en especial consideración noções da normativa UE como: entidade económica considerada como conxunto de medios organizados, co fin de levar a cabo unha actividade económica; compatibilidade do mantemento dos dereitos dos traballadores en casos de traspasos de empresas con cambios no emprego ou modificacións das condicións de traballo, por razóns económicas, técnicas ou de organización; obxecto das consultas en despedimentos colectivos de tratar as posibilidades de evitalos ou reducilos ou atenuar as súas consecuencias, mediante o recurso a medidas sociais de acompañamento destinadas, en especial, á axuda para a readaptación ou a reconversión dos traballadores despedidos. E, máis en xeral, tómanse en consideración criterios europeos, normativos e xurisprudenciais, relativos ao equilibrio entre, por un lado, a liberdade de empresa e, por outro, os dereitos sociais e os obxectivos de emprego. Estes criterios tiveron un reflexo específico en materia de contratación pública nos casos

de sucesión de empresas, admitindo un tratamento convencional destas e a inclusión de cláusulas legais de protección do emprego nesta contratación.

– Os criterios anteriores deben ser aplicados a unha situación que une a especialidade das etapas de tránsito desde unha regulación xurídica a outra nova, a da propia especialidade da actividade do traballo nos portos, significadamente, a descontinuidade desta actividade e os seus efectos en canto a necesidades de prestación de traballo. O mediador considera que se pode partir de que nun marco empresarial como o deseñado no derogado RDL se producirá unha actividade de cesión de traballadores, que constitúe un conxunto de medios organizados para levar a cabo unha actividade económica, en similares termos nos que tal actividade era desempeñada conforme a anterior normativa. Non obstante, a pluralidade de empresas que participarían de forma indiferenciada nesta actividade de cesión non permite establecer normativamente unha fórmula de continuidade no emprego que supoña subrogación directa respecto de cada empresa. E, en todo caso, o cambio no marco regulatorio supón un cambio organizativo de relevo suficiente para xustificar a adopción de medidas laborais.

Esta complexidade fai aconsellable unha técnica de regulación que combine a normativa estatal coa normativa convencional, na súa manifestación laboral máis específica da negociación colectiva, para os efectos de que mediante todas elas se facilite a continuidade no emprego dos actuais estibadores. Pola súa vez, a normativa estatal pode ter unha dimensión de adaptación da regulación laboral común a estas circunstancias transitorias, e outra dimensión de deseño de medidas de apoio público que faciliten a transición nas situacións laborais e apoiem a negociación colectiva, a cal, pola súa vez, apoiaría a aplicación das medidas.

– No curso das negociacións, o Goberno presentou unha ampla fórmula de concesión de axudas aos traballadores portuarios para os supostos de rescisión contractual. O Goberno tamén presentou fórmulas de continuidade no emprego dos traballadores portuarios, cuestión que tamén aparece nas propostas formuladas polas representacións sindicais e empresariais. Pola súa vez, cunhas ou con outras formulacións, Goberno, sindicatos e asociacións empresariais presentan fórmulas de mellora da produtividade dos portos. Presentan e deben seguir presentando.

No conxunto destes temas aparecen unha serie de cuestións: xurídico-laborais, como a da subrogación e as súas fórmulas de garantía, legal ou convencional; do ámbito das relacións laborais, como as referidas á organización do traballo; ou os axustes no emprego e as condicións de traballo, e do ámbito da acción administrativa, como as relativas ás axudas públicas na reestruturación do sector portuario.

Pois ben, unha fórmula para poder levar a un terreo común as distintas posicións sobre estes asuntos consistiría en coordinar e articular as accións nestes tres ámbitos. Esta sería a principal idea que orienta esta oferta de mediación, e que parte do exame das diferentes posicións expresadas na negociación e intenta tomar o maior número de elementos compatibles entre elas.

Nesta liña, as axudas aos traballadores portuarios servirían para reducir o impacto social das medidas orientadas á mellora da produtividade nos portos, facilitando con iso unha negociación colectiva que ordene este tipo de medidas laborais, e nas cales as garantías de continuidade no emprego terían un papel central.

– Para ser coherente cun marco de regulación da actividade empresarial compatible coas liberdades económicas europeas, a aplicación desta regulación laboral con elementos de especialidade débese producir de forma que aquelas empresas que opten por desenvolver a súa actividade laboral conforme o réxime xurídico común, á marxe do sistema de axudas, poidan facelo, someténdose exclusivamente á normativa laboral común e á negociación colectiva. Desta forma, e por facer referencia a un dos temas centrais da negociación, abrírase un escenario alternativo de subrogación convencional, co réxime xurídico específico resultado da negociación colectiva sectorial, coextensa ao ámbito das axudas.

En atención a todo iso, propónselles ás partes a seguinte proposta de mediación.

MEDIACIÓN

A) Continuidade no emprego.

Articúlase arredor de tres consideracións básicas:

- a) A aplicación da STXUE exige unha normativa transitoria.
- b) Na dita normativa, conscientes de que se mantén a continuidade da actividade, débese garantir a continuidade no emprego.
- c) A súa natureza -consustancial na propia mediación- goza dunha dobre condición: convencional e legal.

1. A regulación correspondente á aplicación da STXUE incluírá unha normativa transitoria para a aplicación dos efectos laborais da nova ordenación da actividade empresarial derivada da STXUE.

A dita normativa transitoria terá como punto de partida que a actividade empresarial de posta á disposición de traballadores portuarios para atender necesidades temporais das empresas portuarias é a propia dun sector onde a actividade descansa fundamentalmente na man de obra, constituíndo así un conxunto de medios organizados para realizar unha actividade económica.

2. Tendo en conta tanto o alcance xurídico da STXUE, limitado á non obriga de inscrición das empresas na SAXEP e á non obriga de contratación prioritaria de traballadores postos á disposición por estas, como o esquema de organización da actividade empresarial contido no derogado RDL, a nova normativa –na forma xurídica que o Goberno considere suficiente– configurará unha situación de continuidade na actividade empresarial de posta á disposición de traballadores portuarios. A tal situación seralle de aplicación a normativa sobre mantemento dos dereitos dos traballadores en caso de traspaso de empresas, nos termos que se precisan a continuación.

3. A reordenación da actividade empresarial como consecuencia da aplicación da STXUE é dunha magnitude suficiente para constituír causa organizativa para os distintos efectos previstos no Estatuto dos traballadores. En consecuencia, a aplicación das regras do artigo 44 ET en materia de transmisión de empresas poderase adaptar en función da necesidade de adoptar medidas laborais en relación cos traballadores. A ordenación destas medidas é propia da negociación colectiva. Deste xeito, a formulación legal do principio de subrogación empresarial complementarase e articularase con fórmulas de subrogación convencional.

B) Melloras organizativas e produtivas.

– Na última reunión os representantes das empresas e dos traballadores presentaron un «principio de acordo» cuxa primeira epígrafe se denominaba «Melloras organizativas e produtivas no sector». A mediación inclúe na súa integridade o dito preacordo, entendendo que responde cabalmente aos fins expresados na letra a) 3 e que non suscitaron, en ningún caso, debate significativo durante a súa presentación.

– Desta forma, o contido deste documento pasa a formar parte da proposta de mediación, nos termos en que se transcribe a continuación:

«Melloras organizativas e produtivas no sector.

- Que, en aplicación do disposto no artigo 20 da Lei do Estatuto dos traballadores, lle corresponde á empresa titular da licenza de servizo portuario de manipulación de mercadorías, na súa condición de empregadora, a dirección, organización e control da actividade laboral dos traballadores portuarios. Idéntica facultade lles corresponde ás empresas nos supostos de que a actividade se realice por medio dos centros portuarios de emprego (tamén polas SAXEP transformadas) ou por empresas de traballo temporal.

- O pacto das mans e destino (buque) é unha práctica que se consolidou durante decenios, polo que a súa alteración, para afondar nas facultades de dirección e organización, supón un cambio de cultura en ambas as dúas partes.

- En consecuencia, correspóndelles ás empresas a designación do persoal necesario para realizar cada unha das actividades portuarias. O exercicio da indicada facultade exige a negociación en cada porto das medidas de flexibilidade para mellorar a produtividade. Para iso, no prazo de quince días, os suxeitos lexitimados para a negociación colectiva, en cada porto, comprométense a negociar e alcanzar os acordos necesarios co fin de cumprir os obxectivos indicados anteriormente.

- As empresas deberán informar previamente a comisión paritaria sectorial do convenio colectivo local de cada porto (parte social) sobre as ordes ou instrucións que alteren os nomeamentos e destinos conforme o uso e costume local, e comprométense á revisión das condicións de traballo establecidas adoptando, se é o caso, os acordos necesarios. No marco de tal revisión e respectando as facultades directivas e organizativas antes indicadas, os sindicatos comprométense a que, no caso de discrepancia sobre as medidas adoptadas polas empresas en cada porto, non adoptarán ningunha medida de acción sindical ata que resolva o asunto a comisión negociadora estatal.

- No suposto de que no prazo indicado non se alcanzase acordo, remitiranse as discrepancias á comisión negociadora do ámbito estatal, co obxecto de resolver sobre elas. En caso de desacordo recorrerase aos procedementos de resolución de conflitos establecidos no IV Acordo marco (mediación e arbitraje). A resolución definitiva deberase producir, en todo caso, no prazo máximo de dous meses desde a súa elevación á comisión negociadora estatal.

- Así mesmo, incorporaranse ao acordo sectorial estatal as medidas de flexibilidade que se pacten, tomando como referencia as distintas propostas presentadas por ambas as dúas partes durante o proceso negociador.

- Como instrumento de mellora da competitividade dos portos afectados polo convenio colectivo estatal de ámbito sectorial, con carácter adicional ás anteriores medidas, acórdase a redución do 10% das retribucións dos traballadores dos portos afectados polo convenio colectivo sectorial estatal. A redución salarial aplicarase, se é o caso, a todo o persoal do servizo de manipulación de mercadorías cuxos ingresos mensuais brutos (por doce mensualidades) superen nun 5 % o importe de multiplicar por tres o salario mínimo interprofesional. Con carácter alternativo e por acordo das partes lexitimadas en cada porto, a redución do 10 % indicado anteriormente poderá resultar substituída, total ou parcialmente, por outras medidas de flexibilidade interna.

- As partes acordan reservar, como competencias exclusivas do marco sectorial estatal, as materias comprendidas nos seus actuais capítulos III (Modos de adscrición ás tarefas portuarias), IV (Condicións de traballo. Chamamentos; xornada; descansos; tipos de xornada; organización do traballo; vacacións anuais; estrutura salarial e mobilidade funcional e polivalencia) e V (Clasificación profesional, formación profesional; prevención de riscos laborais e promoción da igualdade). O anterior, sen prexuízo de que, en futuros procesos de negociación e en virtude do principio de modernidade, as partes de xeito autónomo poidan decidir reenviar ou delegar o seu desenvolvemento aos ámbitos inferiores».

- Respecto das referencias neste documento ao marco de negociación colectiva estatal sectorial, o mediador, para os efectos do necesario respecto ao marco regulador da negociación colectiva, desexa chamar a atención sobre a figura do Acordo sectorial para a aplicación do sistema de axudas, que aparece na epígrafe C (Axudas aos traballadores portuarios). Unha parte significativa das medidas que figuran anteriormente relacionadas deben constituír parte do dito acordo, contribuíndo con iso ás finalidades de continuidade do emprego favorecidas polo sistema de axudas, e con isto á súa integración na normativa transitoria a que se fixo referencia nesta mediación.

C) Axudas aos traballadores portuarios.

- A dispoñibilidade do Goberno para instrumentar un sistema de axudas aos traballadores portuarios leva a que tal sistema se incorpore á nova normativa, de forma

que se articule coas regulacións legais e convencionais referidas á transmisión de empresas, para facilitar a súa adopción e proporcionarlles adecuada cobertura xurídica.

– Desta forma, o contido deste documento pasa a formar parte da proposta de mediación, nos termos en que se transcribe a continuación, e alenta unha posterior aplicación tripartita do seu contido:

«A concesión de axudas aos traballadores portuarios.

A supresión do anterior réxime de xestión dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías levará asociada, en prol de facilitar un proceso de tránsito ordenado, a concesión de axudas públicas aos traballadores que voluntariamente rescindan o seu contrato, xa sexa por razón da súa idade ou dos prexuízos que deriven, de ser o caso, da adaptación do dereito interno á resolución do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. En concreto:

a) Poderanse acoller os estibadores portuarios aos cales resten 60 meses ou menos para acceder á xubilación ordinaria na data de validación do Real decreto lei 4/2017, do 24 de febreiro, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, dando cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 11 de decembro de 2014, ditada no asunto C-576/13 (procedemento de infracción 2009/4052).

b) Así mesmo, garántenselles aos traballadores acollidos a estas axudas as cotizacións necesarias á Seguridade Social, que se farán efectivas mediante a sinatura dos correspondentes convenios especiais ata a idade legal da xubilación.

c) Os traballadores interesados en acollerse deberán manifestalo individualmente.

d) As ditas axudas consistirán nun subsidio equivalente ao 70% da media das percepcións salariais por todos os conceptos correspondentes aos seis meses anteriores á baixa».

– Para a aplicación do sistema de axudas, a ordenación xeral das medidas de adaptabilidade será obxecto de negociación colectiva sectorial, do mesmo ámbito que o do sistema. A inclusión no ámbito do Acordo sectorial para a aplicación do sistema de axudas será condición para o acollemento a este.

CONSIDERACIÓNS DERRADEIRAS

– A roupaxe xurídica que cobre esta mediación serve para armar os seus aspectos esenciais, que consisten en manter o emprego co instrumento legal que se considere suficiente, contribuir á mellora organizativa do sector respectando a legalidade vixente e comprometer a axuda do Goberno para minimizar o dano.

– No curso das negociacións apareceron unha diversidade de cuestións, das cales o mediador tomou, para os efectos da súa proposta, as que ao seu xuízo son máis relevantes. O acordo das partes, de todas as partes, respecto da mediación supón que estas asuman os correspondentes compromisos de desenvolvemento das accións que se establecen na proposta de mediación, para as cales tamén se prevén específicos procedementos, como a regulación normativa e a negociación colectiva. Correspóndelles aos destinatarios da mediación decidir as fórmulas para instrumentar os seus compromisos para a posta en práctica da mediación, as técnicas de seguimento de tales fórmulas e os procedementos de mediación e arbitraje para solucionar as discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación.

– Antes do martes 4 de abril, ás 13.00 horas, as partes comunicarán a súa decisión ao mediador, no entendemento de que a mediación é un todo e a súa aceptación ou rexeitamento vincula á totalidade.

Madrid, 30 de marzo de 2017.–O presidente da mediación, Marcos Peña.